

MEMORIA

DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN

CURSO 2022-2023

M^a ISABEL CAPELO LAGO
(XEFE DE DEPARTAMENTO)

1.- ETAPA EDUCATIVA: E.S.O y BACHARELATO.

2.- MATERIA e CURSOS: Relixión Católica

1º ESO

2º ESO

3º ESO

4º ESO

1º BACHARELATO (Diurno)

2º BACHARELATO (Diurno e Adultos)

3.- PROFESORA DO DEPARTAMENTO: M^a Isabel Capelo Lago

4.- ANÁLISE XERAL DO CURSO. MODIFICACIÓNS.

Os obxectivos propostos nas programacións dos distintos niveis foron acadados en maior ou menor medida de modo satisfactorio ao longo do curso..

Con respecto ao curso anterior mantívose ou incluso aumentou o número de alumnado debido ao desdobre de grupos, especialmente na ESO.

Nos grupos de 1º Bacharelato (Diurno) deuse a circunstancia duns grupos moi numerosos con alumnado inqueda e falador, e isto afectou ao avance dos contidos da materia e interrompía o desenvolvemento normal das clases.

Este curso fíxose uso continuado da Aula Virtual do centro así como doutras ferramentas dixitais para poder coordinar a actividade docente presencial e telemática así como a entrega das tarefas a través dela.

Durante o desenvolvemento do primeiro mes do curso afianzaronse as habilidades do alumnado da ESO e Bacharelato no uso de recursos TIC básicos como o correo electrónico, formato pdf, o uso da Aula Virtual, compartir arquivos por Drive

Ao longo do curso fixemos distintas actividades que incluían a educación en valores e contidos transversais: os dereitos humanos, os dereitos dos nenos, a paz, a multiculturalidade, a integración dos discapacitados e os obxectivos do milenio:

- Para conmemorar o día dos Dereitos Humáns, o alumnado da ESO traballou actividades de diferentes ONXs coma Intermón, Manos Unidas,...
- A doazón de órganos traballouse dende a páxina web da ONT e os spots de diferentes campañas de sensibilización. O alumnado de 2º Bacharelato deseñou unha campaña de sensibilización e reflexionu sobre o tema e a postura da Igrexa Católica..
- A violencia de xénero foi outro tema de reflexión tratado a través dos spots das campañas institucionais de sensibilización do Ministerio de Sanidade.
- O día da Paz foi reclamada a través de pensamentos e reflexións por todos os niveis educativos.
- A situación de emerxencia sanitaria, social e económica provocada polo Covid-19, propiciou traballar e sensibilizar ao alumnado acerca de valores como a solidariedade, misericordia, xenerosidade, responsabilidade cidadá, sentido de comunidade, axuda aos máis vulnerables, respecto polo medio ambiente, etc..
- Participación do alumnado de 2º, 3º y 4º ESO no Ciclo de Cine social de Caritas no cine Salesianos de Vigo en Febreiro de 2023.
- Saída e participación xunto co Departamento de Xeografía e Historia de 2º ESO na etapa do Camiño portugués a Santiago, etapa desde Arcade a Pontevedra, con visita guiada da vila de Pontevedra.
- Participación do alumnado de Relixión en el taller de “Vidrieras góticas” del Departamento de Xeografía e Historia .
- Colaboración do alumnado de Relixión en todas as actividades programadas pola Biblioteca do centro.
- Realización, exposición e concurso das postais do Nadal no centro.

Critérios de calificación na programacións didácticas

Conforme a **Orde do 25 de Xaneiro** pola que sea actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharealto no sistema educativo de Galicia, estabécense os seguintes criterios a ter en conta:

Criterios para o cálculo das notas das tres avaliacións parciais
<ul style="list-style-type: none">○ <u>Relativos a técnicas e hábitos de estudo</u> (80%): -Realización das tarefas na aula, exercicios para casa e tarefas na Aula Virtual. Destreza na elaboración de esquemas, síntese, resumos e traballos individuais ou en parellas.

- Relativo á presentación das tarefas requeridas (10%) :
 - Levar ao día e entregar con puntualidade os traballos da materia.
 - Esmero na presentación do caderno e traballos.
 - A corrección na organización e estrutura do caderno de clase.
 - Observar boa caligrafía e limpeza no traballo de clase e demais traballos.
- Relativo ao comportamento, actitude e asistencia (10%):
 - Disposición de traballo activa e participativa
 - Asistencia con regularidade a clase cos materiais necesarios.
 - Manter en clase unha conduta correcta.
 - Respecto aos compañeiros, profesores, instalacións e materiais do instituto.

- **Procedemento de recuperación das avaliacións non superadas.**
- **Cálculo da nota provisional a partir das tres avaliacións parciais.**

Neste curso continuose cun dos obxectivos propostos como era o visionado dalgunhas películas que transmitisen valores axeitados para o alumnado coma a solidaridade, o respecto, a liberdade, a integración,..... As iniciativas e actividades levadas a cabo foron:

1º ESO	La guerra de los botones, Un sueño posible, Percy Jackson y el ladrón del rayo
2º ESO	Un sueño posible, Diarios de la calle
3º ESO	La profesora de Historia, Hotel Rwanda.
4º ESO	Hotel Rwanda
1º Bacharelato	En busca de la felicidad
2º Bacharelato	Slumdog Millionaire, El indomable Will Hunting

Con respecto ao desenvolvemento das clases e do tipo de actividades que se poden levar a cabo co alumnado, detectouse sobre todo neste curso, que o alumnado de 1º ESO chega ao centro moito máis inmaduro e sen adquirir rutinas básicas de silencio, atención e traballo no aula, sobre todo en grupo, o cal impide levar a cabo proxectos que impliquen certa autonomía de traballo en grupo, habilidade e coidado no manexo de ferramentas e materiais, e que precisan unha escoita das normas de uso e unha atención na súa manexo.

Os resultados acadados han sido satisfactorios dende o punto de vista educativo e académico.

5.- ANÁLISE DE RESULTADOS ACADÉMICOS

	0 IN	2 IN	3 IN	4 IN	5 SF	6 BN	7 NT	8 NT	9 SB	10 SB	% aprobados
1º ESO	--	--	--	-	--	1	5	2	7	9	100%
2º ESO	--	--	--	-	1	1	3	6	7	11	100%
3º ESO	--	--	--	1	2	4	5	9	9	11	98%
4º ESO	--	--	--	--	1	1	4	7	14	9	100 %
1º BACH	--	--	--	-	--	--	3	7	7	20	100%
2º BACH					1	1	2	4	6	29	100%
2º BACH ADULT	2				2	2	---	2	3	5	

Cabe destacar na Estadística de Bacharelato a diferenza entre a nota superior e a inferior xa que o alumnado que obtivo a mínima nota foi por abandono da materia na queda de Adultos.

No caso puntual de suspenso na ESO estamos a falar de que tamén abandonaron o seguimento do curso no centro.

6.- PROPOSTAS DE REVISIÓN PARA O VINDEIRO CURSO

- Establecer no primeiro trimestre un plan de reforzo dos contidos que quedaron menos desenvueltos no terceiro trimestre do curso pasado.
- Formar ou lembrar ao alumnado nun uso básico do TICs:
- Uso do correo electrónico e a Aula Virtual.
- Normas básicas de fotografía.
- Envío de documentos e escaneado en pdf.
- Compartir arquivos por Drive.
- Uso dos dispositivos móbiles para a recepción, realización e envío de tarefas escolares.
- Preparar mais actividades que se relacionen coa actualidade social, cultural, etc., do mundo no que vivimos e relacionalas cos principios da Doutrina social da Igrexa e traballar máis a presenza do cristianismo nas obras da arte.
- Dependendo do número de alumnos, planificar algunha outra saída didáctica.
- Desenvolver máis o Plan Lector, a través dun maior uso e participación nas actividades organizadas pola biblioteca.
- Promover aínda máis a sensibilización no alumnado acerca dos problemas sociais que acaecen na súa contorna e a súa implicación solidaria.
- Contribuír á páxina web do instituto coas actividades organizadas desde a materia e contidos de interese para ser difundidos ao resto da comunidade educativa.

- Afrontar con outros recursos o tema do comportamento no aula.